



SITUACIÓN

É unha persoa peculiar. Parece que busca diferenciarse do resto. Sempre está á marxe, coas súas teimas e a súa mirada perdida. O grupo de compañeiros/as máis popular sempre ri cando pasa, insúltanlle, tíranlle papeis. As demais persoas rín ou miran cara outro lado e o profesorado nunca está presente cando o fan. Hoxe, en Educación física, o mozo máis popular da clase pediuche que escondeses as súas lentes na túa mochila. Así, despois poderíades botarvos unhas risas polo grupo de whatsapp (ao que esa persoa tamén pertence).

Motivos para dicir que "Si"

Motivos para dicir que "Non"

Dis que sí

Decides dicir que Non. Como o farías? (lembra as pautas)

Que sentirías?

Que farías? Protexeríaste dalgún modo? Como?

A outra persoa insiste, mantés o Non, a pesar da súa insistencia. Comeza falar mal de ti no whatsapp. Decides denunciar a situación.

Ao día seguinte, a persoa que foi durante tanto tempo obxecto de burlas, non vai ao Instituto. Vedes como a súa familia entra no despacho de dirección. A media mañán a policía entra no centro. Que sentes?

Respondiches que SI

Respondiches que NON

Non lle pasou nada, contouno na casa e comeza no Instituto un Protocolo contra o acoso escolar. Fas algo? Que fas?

Respondiches que SI

Respondiches que NON

Decides contar o que sabes, se hai consecuencias, dáche igual.
Que crees que ocorrería?

Respondiches que SI

Respondiches que NON

Valora o risco (0: ningún risco; 1: moi pouco risco; 2: algo de risco; 3: bastante risco; 4: moito risco; 5: risco extremo).

Moitas persoas participan no acoso

Non o conta

El é un mozo

Pensas que non está ben chivarse

Non lle apoiades

Pensas que hai diferenza entre chivar e denunciar

Non ten amizades

Ela é unha moza

Sodes un grupo moi unido

Pensades que é "rariño"

Sempre ten compañía

Sabedes poñervos no seu lugar